

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

Primeiro: ANTECEDENTES TEÓRICOS

Coincidindo coa conmemoración do Ano Santo de 1993 que simboliza a eclosión emerxente do fenómeno das peregrinacións a Santiago de Compostela, o denominado *Grupo de Investigación da Deputación Provincial de Lugo*, coordinado polos profesores Ramón Yzquierdo Perrín e Elisa Ferreira Priegue, publicou a súa proposta de recoñecemento oficial do Camiño de Santiago do Norte como itinerario xacobeo con tradición histórica constatada ao longo do tempo.

Dous cadernos complementarios (Depósito legal LU-757-92 e LU-373-93) incorporaban as variantes xeográficas e cartográficas utilizadas secularmente para a penetración no país galego de camiños de longo percorrido procedentes do litoral cántabro, aglutinados baixo a designación xenérica de “camiños do Norte”.

Atendendo á orientación territorial da súa traza, esta proposta referencial identificaba especificamente dous grandes núcleos temáticos: as rutas da Costa e as rutas do Interior.

Dentro das vías xacobeas do Norte polo interior da nosa comunidade, xa entón se establecían dous grandes itinerarios acreditados no ámbito da cartografía histórica: o Camiño Primitivo cuxa traxectoria se adentra polo municipio da Fonsagrada procedente de Oviedo, e mais a que denominaron “Ruta de Abres”, aproveitando a cunca do río Eo para continuar polo camiño real de Meira, confluindo estas dúas antigas vereas ás portas da cidade de Lugo, capital do *conventus lucensis*, a onde conducían gran parte das calzadas do Imperio romano na *Gallaecia* e atendendo á súa condición urbana mesmo en época tardorromana e altomedieval, malia o seu estado de decadencia, factores que converten a Lugo en obxectivo para a penetración no territorio galaico da monarquía asturiana e astur-leonesa en expansión.

Ditas publicacións constataban expresamente que –entre as rutas medievais procedentes da costa cántabra- “el camino más antiguo de todos era el que se dirigía a Lugo por Abres y Meira”, facéndose igualmente eco tanto da rica historia e insólitas paisaxes que posúen estas antigas vías de peregrinación a Santiago, como do evidente descoñecemento xeralizado que se adoita ter destas zonas de montaña que transitan polo interior do país.

Segundo: MARXINACIÓN

Curiosamente, un cuarto de século despois, o antigo camiño de Abres por Meira é o único de todas as alternativas xacobeas do Norte –tanto pola Costa como polo Interior- que non obtivo aínda o seu recoñecemento oficial nin a debida protección xurídica, ficando á marxe dos beneficios da promoción que agora reafirma a recente distinción como Patrimonio Mundial efectuada pola UNESCO para as restantes alternativas.

(Aínda máis, logo da súa identificación a comezos dos anos noventa do século XX como a vía histórica máis antiga a Compostela vindo da Costa, mesmo está a ver como

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

volta a ser esquecida fronte ao recoñecemento oficial de novos itinerarios xacobeos, como é o caso do denominado Camiño Sur ou “de Inverno”).

Terceiro: TRADICIÓN HISTÓRICA

O referido documento producido polo grupo de investigación da Deputación de Lugo a comezos dos anos noventa alude á utilización desde tempo inmemorial da “ruta de Abres” por parte de viaxeiros e peregrinos procedentes de Asturias e as comunidades do cantábrico que optaban por vadear a ría do Eo aproveitando a lóxica camiñeira dos pasos naturais ofrecidos por este corredor asentado sobre a “via regia” medieval consolidada como “camiño real de Meira”, quen posibilitaba o tránsito comercial de sal e mais de ferro, á par que permitía dirixirse liña recta á capital galega, mesmo para aqueles navegantes que recalaban en Ribadeo, o porto de refuxio da ría do Eo ou *Ripa Euve*, seguindo esta ruta de cabotaxe desde distintos puntos de Europa.

Xa entón, este texto constataba que o antigo camiño francés da Costa, logo de transitar pola beira da ría do Eo (nas proximidades de A Graña, Reme, Vilaosende e Cima de Vila) e no canto de entrar en Vilarfernando vía Trabada, continuaba en dirección a Lugo por Abres e Meira, documentándose a existencia dun itinerario físico que logo de se introducir pola vella ponte de San Tirso de Abres, continuaba a súa andaina a través dos municipios da Pontenova (antigo Vilaodrid), Riotorto, Meira, A Pastoriza, Pol, Castro de Rei e Lugo, cidade bimilenaria na que se abraza á vía primitiva procedente de Oviedo.

Cuarto: ASOCIACIONISMO

Coa finalidade, entre outras, de promover a recuperación desta antiga vía medieval e real, fúndase en Abres o ano 1987 a *Asociación Astur-Galaica de Amigos del Camino de Santiago*, cuxo primeiro presidente foi don José Joaquín Miláns del Bosch, quen na compañía do socio cofundador don Cándido Sanjurjo teñen desenvolvido un intenso labor cultural e organizativo en favor desta ruta, até o falecemento de ambos.

O Ano Santo de 2010, Joaquín Miláns del Bosch –experto coñecedor da romaxe primixenia de Afonso II desde a Corte ovetense a Compostela, como punto de partida das peregrinacións xacobeas- encabezou a súa derradeira camiñata a Santiago acompañando a corenta membros da súa familia que partiron a pé de San Tirso de Abres cara á Pontenova, seguindo o antigo itinerario por Meira que tanto ten reivindicado.

Obxectivo fundamental de esta asociación desde as súas orixes foi a defensa do paso orixinario do Camiño Norte polo concello de A Veiga (Vegadeo), como entrada histórica e prioritaria de peregrinos e viaxeiros fronte ao cruce minoritario en barca desde os embarcaderos de Figueiras e Castropol vía Ribadeo, así como a loita por conseguir a necesaria apertura de un albergue na localidade veigueña de Abres.

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

Quinto: SINALIZACIÓN

Con posterioridade, a *Asociación de Amigos del Camino de Santiago de la Provincia de Lugo* procedeu á colocación dos primeiros fitos de sinalización desta variante interior do Camiño Norte, algúns dos cales aínda permanecen vixentes.

Neste sentido e organizadas pola mesma asociación xacobeá, baixo a presidencia de don Ángel Trabada, o ano 2005 celebráronse en Lugo unhas xornadas congresuais específicas dedicadas ao estudo e promoción do que denominaron Camiño Norte do Interior, nas que se fixo fincapé na necesidade de colaboración entre as administracións galaico-asturianas para tirar deste importante proxecto.

Sexto: IMPLICACIÓN MUNICIPAL

De xeito paralelo e por esas mesmas datas, concellos como o de Meira e outros procederon xa a incorporar na súa web oficial unha entrada relativa ao “Camiño de Santiago do Norte. Ruta do interior, por Meira a Lugo”, con información alusiva a esta antiga ruta, seguindo o curso do río Eo desde Vilarfernando por Santiago de Abres (con igrexa que simbolicamente ostenta o privilexio “de asilo” ou “refuxio”), A Pontenova e Órrea, deica o conxunto cistercense de Meira, antes de continuar o seu percorrido para ir ao encontro da vía primitiva de Oviedo na cidade lucense do Sacramento.

Sétimo: LEI DE PROTECCIÓN

A *Lei de Protección do Camiño de Santiago* aprobada por unanimidade no Parlamento Galego o ano 1996 fai mención expresa no seu artigo 1 a que:

a) Dita lei “ten por obxecto a delimitación e regulación da conservación, uso e diferentes niveis de protección dos tramos dos camiños de Santiago que discorren por Galicia”.

b) Que se entende como *Camiño de Santiago* todas as rutas recoñecidas documentalmente.

c) Que baixo a denominación xenérica de “Camiño do Norte” ficaron incluídas nesta lei todas as súas variantes costeiras e do interior, así como a necesidade de realizar a súa delimitación e deslinde, paso previo para que lles sexa aplicable a protección prevista na *Lei do Patrimonio Cultural* para os bens catalogados.

Oitavo: DELIMITACIÓN OFICIAL

Aínda así e malia esta cobertura legal, a variante máis interior do Camiño de Santiago do Norte finalmente foi esquecida no Decreto de delimitación oficial da Ruta da Costa (DOG do 23 de decembro de 2014) en atención ao expediente previamente incoado e que reduce a dúas as entradas do Camiño ao territorio galego, vía Ribadeo ou Trabada, confluíntes ambas en Mondoñedo.

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

No mesmo sentido, o camiño medieval e real de Meira tamén fica fóra da delimitación oficial da Ruta do Interior ou "Camiño Primitivo" (DOG do 31 de decembro de 2012).

Noveno: FLUXO DE PEREGRINOS

A pesar de todas estas contradicións administrativas, o tránsito de peregrinos – tanto a pé como en bicicleta – mantén un fluxo sostido ao longo destes últimos anos, mesmo salvando as dificultades propias da falta de sinalización da traza, da súa promoción oficial e instalación de albergues, de tal maneira que ao seu paso por Lugo os romeiros pasan a engrosar sen máis a relación de peregrinos do Camiño Primitivo, sen mención expresa algunha ao itinerario realizado como enlace coa Costa pola ruta de Meira, sobre as Terras do Eo, de Miranda e do Císter.

Décimo: REIVINDICACIÓNS

A tal fin, continúa vixente o movemento reivindicativo que ten como obxectivo principal a oficialización, recuperación, protección e promoción desta antiga ruta xacobeas asentada sobre a camiñaría histórica de entrada na comunidade galega procedente do Cantábrico e dotada de unha importante advocación santiaguista nas freguesías da súa área de influencia, como é o caso do Santiago de Abres, o Santiago de Vilaoudriz na Pontenova, o Santiago peregrino da capela de Santiago do Vilar de Santiago na Moxoeira de Riotorto, a efixie santiaguista da Igrexa Vella de Riotorto, o Santiago pastoricense de Reigosa, os santigos de Viladonga e de Mondriz en Castro de Rei, a talla de Santiago cabaleiro do retábulo da nave norte da igrexa monástica de Santa María de Meira e a súa efixie peregrina incorporada á capela da Virxe Dolorosa, os santigos polenses de Arcos de Frades, Silva e Milleirós ou mesmo o Santiago de Castelo ou "de Fóra" ás portas de Lugo por esta vía.

Ao respecto, cómpre destacar as distintas marchas emprendidas no decorrer dos últimos anos desde a localidade de Santiago de Abres, non só reivindicando a implantación de albergues, senón mesmo como protesta pola mudanza producida na inercia das peregrinacións logo da moderna apertura da Ponte dos Santos en dirección a Ribadeo e mesmo da súa sorprendente, insólita e inaudita protección como itinerario oficial do Camiño de Santiago, actuacións que teñen propiciado a marxinación da histórica entrada terrestre da vía medieval vadeando a desembocadura do río Eo cara o municipio de A Veiga (Vegadeo) e aínda máis a súa entrada natural en dirección á Cidade do Sacramento por Meira.

No mesmo sentido, corría o ano 2010 cando un cento de persoas completaron unha marcha en oito etapas partindo da Pontenova deica Santiago de Compostela por Meira, reivindicando a recuperación deste histórico itinerario.

Undécimo: AGRESIÓNS

O desamparo e falta de protección oficial padecida por esta vía xacobeas propiciou que durante os últimos anos se teñan producido graves actuacións que impunemente atentaron contra a integridade patrimonial da mesma, incluída a súa traza física, sendo dignas de salientar a este respecto as seguintes:

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

- Invasión do camiño real e xacobeo de Meira e o seu rico entorno arqueolóxico ao paso pola localidade de Cimadevila no municipio lucense, con motivo das obras de construción do Hospital Universitario *Lucus Augusti*, mesmo afectando á calzada secular, mámoas e emprazamento da antiga capela de San Cibrao, na área de influencia e territorio histórico desta vía.

- Corte da calzada e interrupción do tránsito motivado polas obras de apertura da denominada Rolda Leste que envolve a urbe lucense desde a estrada de Fonsagrada (C-530) en dirección ao novo Hospital.

Estas dúas últimas agresións, sen estudo previo que paliase tan drástica afectación ao patrimonio camiñeiro vinculado co enlace medieval e real de Meira, nomeadamente instalando unha pasarela peonil que recuperase a comunicación tan demandada mesmo polos habitantes dos núcleos rurais do entorno (principalmente, logo da construción paralela dunha ponte que permitiu elevar o paso do Camiño Primitivo na mesma zona), foron denunciadas na prensa local do momento polo historiador Ricardo Polín nun artigo titulado "S.O.S na *via regia* de Meira". No mesmo sentido, o cura-párroco de Santiago de Castelo, don José Ledo Bermúdez – recentemente falecido- ten realizado reiterados chamamentos para evitar a destrución desta importante calzada histórica de acceso a Lugo cara Compostela, así como a degradación do seu entorno ambiental e patrimonio cultural.

- En 2014 foi talado polo pé o emblemático Carballo da Chanca, árbore centenaria e singular que simbolizaba o lugar preciso de encontro do Camiño Norte por Meira co Camiño Primitivo chegado de Oviedo, sobre o tradicional barrio da Chanca ás portas de Lucus Augusti.

Ao estar situado no espazo de máxima protección, á beira dun elemento patrimonial coa categoría de B.I.C, esta impune actuación tivo tal gravidade que subscitou a reacción de numerosos colectivos ecoloxistas e de defensa do patrimonio cultural, así como de investigadores do Camiño de Santiago.

Duodécimo: PATRIMONIO MUNDIAL

O día 5 de xullo de 2015, na cidade de Bonn, a UNESCO toma a decisión de incluír os camiños de Santiago do Norte na lista de Patrimonio Mundial, incluíndo nesta alta distinción tanto o seu itinerario costeiro como a vía primitiva polo interior.

Máis unha vez e conforme cos antecedentes expostos previamente, o único itinerario que fica descolgado desta importante proclamación da UNESCO é xustamente o Camiño Norte polo Interior, sobre a "via regia" medieval e o camiño real de Meira, coas previsíbeis consecuencias que este feito pode ter para a súa supervivencia.

Décimo terceiro: CAMIÑO NATURAL DE SAN ROSENDO

De xeito paralelo, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, dentro do programa europeo "Caminos naturales", está a desenvolver o proxecto denominado

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

“Camiño Natural Interior de San Rosendo”, itinerario turístico e cultural que pretende seguir –a través de antigos camiños e vías romanas- a traxectoria vital do eximio bispo, nobre, gobernador e fundador de diversos mosteiros no século X, así como defensor, pacificador e introdutor da reforma beneditina no país galego, potenciando unha iniciativa que dea resposta á demanda de ecoturismo, sobre a base de promover os valores que teñen a ver coa sustentabilidade mediante a educación ambiental, tomando como fundamento a recuperación dos camiños con alto valor histórico e paisaxístico existentes na rede camiñeira até o século XIX.

Este longo itinerario de uns 225 kms. desde o campamento de *Aquis Querquennis* á Mariña lucense e cuxa promoción está xa en marcha, ten como obxectivo unir en sentido transversal a basílica de San Martiño de Mondoñedo (Foz) co mosteiro de Celanova (Ourense), pasando entre outros polos municipios lucenses de Mondoñedo, Barreiros, Lourenzá, A Pastoriza, Meira, Pol, Castro de Rei, Lugo ou Portomarín).

Logo de finalizar os traballos nos treitos correspondentes aos extremos deste longo percorrido: porto de Foz – basílica mindoniense (coincidente en boa medida coa traxectoria do Camiño Norte da Costa a Compostela), e Quintela de Leirado - Celanova – ponte romana de Ourense (ao paso pola fortaleza medieval de Vilanova dos Infantes e coincidindo con un treito da denominada “vía romana do Gerês” ou *Vía Nova*), o Ministerio ten adiantado o proxecto correspondente á etapa que media entre a localidade de Meira e a capital lucense, labor que foi encomendado á empresa pública TRACSA, incluíndo a delimitación da ruta, desbroce e limpeza de calzadas e cunetas, mellora do firme mediante zahorra, reparación de fontes e instalación de pasarelas, así como a realización de unha prolífica sinalización ou a colocación de recipientes para o lixo e marquesiñas.

Décimo cuarto: ITINERIZACIÓN

No transcurso dos anos 2014-2015, logo dunha solicitude de colaboración por parte da empresa concesionaria dos traballos e previa intermediación do presidente da *Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Provincia de Lugo*, o filólogo e historiador don Ricardo Polín, xunto co enxeñeiro experto en Sistemas de Información Xeográfica don Antonio Ventura Figueroa, realizaron un intenso traballo de campo no itinerario da vía comprendida entre a vila de Meira e a cidade de Lugo, así como a conseguinte investigación de carácter histórico e cartográfico, cuxa síntese foi publicada no número 25 da revista *Croa* do Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga (páxinas 48-57).

Malia unha alternativa oficiosa que nos últimos anos se viñera utilizando principalmente e de xeito provisorio por parte de algúns grupos de sendeirismo, con desvío sur-leste en dirección a Mosteiro, polos lugares de San Martiño de Ferreiros, Silva ou Cirio, cara os chamados Pasos de Orizón, o certo é que –logo da pertinente investigación- este estudo retoma como vía de longo percorrido a calzada histórica do vello camiño real de Meira, liña recta a Lugo, tal e como fora proposto xa no seu momento pola equipa da Deputación lucense que dirixía o profesor Yzquierdo Perrín e a medievalista Elisa Ferreira Priegue a comezos dos anos noventa do século XX.

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

Neste sentido, cobran nova vida algúns fitos camiñeiros tan esquecidos como a Ponte de Rio Cabo, o paso polo Monte Redondo, a Carreira da Foz que percorre Chavín, a antiga corredeira empedrada que ía de Gomesende para o templo de Santo André de Ferreiros, o pontigo do Rego do Vao que verte de Vilaxilde, os fermosos restos da vía rexia en torno aos cales se erguen os núcleos d'O Casal e Campo de Prado en Torneiros, o salto do río Azúmara na que foi a vella Ponte de Reguntille, a Corredeira Fonda que permite sortear o desnivel desde Couto de A ao Castro de Santiago de Viladonga, o Camiño Real que cruza Ansemar pola Agra do Carballiño para o tradicional Pontello de Busto que aínda conduce aos Paraños de Ludrio, a clásica demarcación de enlace entre as igrexas chairegas de Ludrio, Santiago de Mondriz, Duancos e Santa Comba de Orizón, ao paso por simbólicos recantos como son o Mesón de María, o pazo de Mondriz coa súa Corredeira dos Defuntos, a ponte de Pacios, o Camiño do Calvario ou o Castro de Orizón.

É neste enclave de gran valor arqueolóxico, en torno ao Mazo de Orizón e o casarío de Meilán, onde se sitúa a encrucillada formada polo camiño real procedente de Meira e Viladonga coa variante que se achega aos populares Pasos de Orizón desde a temida Granda de Amorín e deica O Santo onde hai tempo se veneraba ao pé da vereas antiga unha imaxe protectora dos camiñantes. O paso unificado pola senda d'O Refuxio e Petos, ou Rego de Petos (moderno Lagos de Teixeira), aínda conduce esta ruta ao modo antigo, sobre a Ponte de Vilariño, como eixo principal dos núcleos lucenses de Cuiñas, Vilachá, Albarello, A Laxe e Cima de vila, deixando atrás os Penedos Apertados, as ruínas da capela de San Cibrao coas súas mámoas e mais a Agra de Tras do Camiño en Santiago de Fóra ou de Castelo, deica o seu abrazo co Camiño Primitivo de Oviedo no Carballo da Chanca, sobre a ponte medieval ergueita nos arrabaldes da capital lucense.

Décimo quinto: DESACORDOS

No decorrer do ano 2015, logo da pertinente revista *in situ* por parte dos técnicos do Ministerio de Medio Ambiente e mais da empresa concesionaria TRACSA, aínda manifestando a súa avaliación positiva da referida proposta de recuperación da traza histórica do camiño real de Meira para o seu aproveitamento como ruta oficial do "Camiño natural de San Rosendo", a súa paisaxe, tradición e valores culturais, con todo, os representantes do Ministerio expresan as súas reticencias aludindo a algúns problemas locais relativos á invasión da calzada en zonas de concentración parcelaria maiormente da parroquia de Torneiros, á necesidade de cruzar a estrada de Asturias nalgúns puntos e os perigos que de elo se puideran derivar para os camiñantes ou á idoneidade do emprazamento de albergues, decantándose en principio por afirmar a alternativa provisoria en dirección a Mosteiro por vías pecuarias, con albergue neste lugar, malia a artificiosidade do percorrido a través de un territorio gravemente afectado por modernas parcelacións que teñen destruído completamente a camiñaría tradicional e adulteran drasticamente o valor simbólico e espiritual da ruta (aínda máis debido aos evidentes desaxustes coa senda contemplada na *Carta* de Fontán, tamén referida por Madoz en relación a San Salvador de Mosteiro cando afirma que "cruza por el centro de esta felig. la 'vereda transversal' de Lugo a Meira, y se encuentra en buen estado".

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

Coa finalidade de clarear esta situación e reconducir o proceso, na primavera de 2015 varios colectivos, axentes e institucións culturais, xunto con investigadores e escritores chairegos, promoveron unha marcha reivindicativa que partindo do Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga percorre o itinerario tradicional do antigo camiño real, demandando a súa oficialización, restauración e promoción, non só na súa condición de vía xacobeá polo interior, senón como traza consolidada dentro do proxecto "Camiño natural de San Rosendo".

Décimo sexto: RUTA DO CÍSTER

En outubro de 2014 tivo lugar en Oseira (Ourense) unha xuntanza de representantes dos mosteiros do Císter no país galego, co obxectivo de presentar a denominada *Carta europea de abadías e sitios cistercenses*, así como a constitución dunha *Ruta do Císter Galego*, onde se integraría de pleno dereito o mosteiro de Santa María de Meira, acompañando aos seus homónimos da comunidade galega.

Esta interesante iniciativa nace ao abeiro da declaración que realiza en 2010 o Consello de Europa proclamando como Itinerario Cultural -co mesmo estatus que o propio Camiño de Santiago- á Ruta das Abadías Cistercenses, en recoñecemento á enorme relevancia que tivo esta orde monástica francesa no ámbito cultural europeo.

Tal é o motivo de que os mosteiros cistercenses galegos tomen a decisión de se asociar para coordinar a posta en marcha de tan importante iniciativa vinculada ao turismo cultural polo interior da comunidade, a través de unha ruta histórica que axude a combater o despoboamento e a reactivar as economías locais. Así xurde ACIGAL (*Asociación de Mosteiros do Císter en Galicia*), tratando de promover unha ruta histórica que agrupe aos 15 mosteiros galegos (Meira, Sobrado dos Monxes, Monfero, Penamaior, Toxosoutos, Aciveiro, Armenteira, Oseira, San Clodio, Franqueira, Oia, Melón, Ferreira de Pantón, Xunqueira de Espadañedo e Montederramo).

Da implicación desta comarca no referido proxecto dá boa conta a celebración en novembro de 2015 da presentación en Meira da *CISTERCIUM EXPERIENTIA*, incluíndo unha exposición fotográfica sobre as pinturas murais do mosteiro meirense.

Décimo sétimo: OUTRAS CONEXIÓNS MONÁSTICAS E HOSPITALARIAS

Pois ben, como é ben sabido, a abadía de Meira foi a máis importante da orde do Císter na diocese lucense, non só pola súa influencia nunha ampla contorna territorial, senón tamén porque dela dependeron outros cenobios próximos como o de Santa María de Moreira (Castro Verde) ou o de Ferreira de Pantón, amais de ter formado nas palestras do seu Colexio de Filosofía a destacados membros da orde de San Bernardo.

En consecuencia, a inclusión de Meira na ruta do Císter fai emerxer outros elementos constituíntes que tradicionalmente formaron parte de dito patrimonio monástico integrado no medio comarcal a través de antigas vereas cuxa recuperación se beneficiaría desta iniciativa europea.

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

Entre eles a histórica vinculación do convento de monxas cistercenses de Santa María de Moreira (Castro Verde, século XII), priorado adscrito ao mosteiro meirense, en pleno Camiño Primitivo de Santiago. Trátase de un dos dous mosteiros femininos que dependeron de Meira e ao que se lle ten feito un seguimento documental desde 1183 a 1686, logo de que na primeira das datas fose designada unha relixiosa chamada dona Urraca para que –por orde da condesa dona Sancha- morase cos seus parentes en Moreira todos os días da súa vida e servise a Deus no mosteiro de Moreira, amais de permanecer suxeita e obediente ao mosteiro e convento de Meira, para o cal recibiu a dita herdade en todos os seus termos, lugares, ríos e muíños, posesións que á súa morte deberían reverter de novo na fundación monástica meirense. (En 1755, o mosteiro de Moreira aínda se administra por un relixioso do mosteiro de Meira chamado Fr. Chrisóstomo Serrano, destinando todos os dezmos aos bernardos meirenses).

Mais tamén se beneficiarían desta iniciativa os restos históricos de outros cenobios e hospitais próximos situados tanto na ruta xacobeá -como é o caso do coñecido como “Mosteiro de Donas” (asentado no período baixomedieval sobre os vales de Santa Comba de Órrea e o seu templo parroquial, no municipio de Riotorto) e o Hospital de Galegos, no mesmo concello, documentado en aforamentos de 1431-, como ás beiras do importante camiño real que unía Meira co señorío medieval castroverdese polas estribacións da Serra da Ferradura (prolongación da de Meira), vello itinerario xa documentado na *Carta Geométrica* de Domingo Fontán (1845) e reiteradamente citado no *Diccionario geográfico* de Pascual Madoz (1846), onde encontramos principalmente o postergado convento beneditino e posterior dominico de Monte Cubeiro (recentemente incluído entre os corenta monumentos galegos con maior perigo de desaparición), así como o convento franciscano de Santa María de Vilabade, cuxo conxunto monumental inclúe o seu templo parroquial coa categoría de B.I.C. (fundada en 1457 “(...) para los que allí vinieren en romería, por estar en el Camino Francés, et romeraje de la Iglesia del glorioso apostol Señor Santiago de Galicia, patron de España, et asy mismo de la Iglesia de San Salvador de Oviedo, donde todas las personas católicas cristianas han mucha devoción (...)).

Aínda nas terras veciñas de Castro Verde, o enlace localmente denominado “camiño real de Meira” ou “Camiño Ancho” –histórica conexión de Monforte a Mondoñedo, por Meira e Castro Verde, ao son da Serra do Mirador do Monte Pradario e da Ferradura, vía Caraño (Pol)-, tense constituído durante o Medievo nunha transitada calzada de acceso ao Hospital de San Martiño de Bolaño desde Meira (don Joaquín Miláns del Bosch, na súa defensa da ruta de Abres, coñecía ben este feito histórico adoito ignorado, así como a tradición de recibir aos camiñantes con “auga, lume e sal”), sendo este un núcleo histórico agora deshabitado –patrimonio do Camiño de Santiago, como o mosteiro de San Salvador de Vilar Frío (1130) ou o monasterium de Santo Maireli (1122), por Soutomerille- e no que o historiador López Ferreiro constata un dos templos máis antigos da bisbarra, a enigmática igrexa prerrománica anexa ao que o ano 897 se refería como *Monasterium Sancti Martin de Bolanio*, coa súa *ecclesiam Sancta Eolaliae*.

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

Décimo oitavo: RETROALIMENTACIÓN

Dado que Santa María de Meira se vai constituír nunha das paradas obrigadas do roteiro cistercense galego e de que a pretensión deste proxecto e ir da mao do Camiño de Santiago como itinerario cultural europeo de referencia internacional, para que ambos proxectos se retroalimenten do mesmo xeito que se produciu historicamente, cómpre aproveitar a circunstancia de que a vía xacobeá polo mosteiro de Meira conecta coa ruta primitiva de Oviedo na cidade de Lugo e que unha parte importante dos peregrinos adoitan proseguir o Camiño deica enlazar coa ruta Norte da Costa no mosteiro cistercense de Sobrado dos Monxes, onde contan igualmente con albergue e atención hospitalaria.

Trátase de un percorrido histórico de enlace transversal entre o Camiño Primitivo de Santiago e o Camiño do Norte, xa asentado na tradición peregrinatoria efectuada sobre a vía XIX do itinerario antonino, contemplando o paso polo monumento tardorromano de Santa Eulalia de Bóveda e a igrexa tardogótica de Santa María de Guimarei (Friol), alternativa consolidada que permite o transvasamento de visitantes entre dúas rutas declaradas Patrimonio Mundial pola UNESCO e que xa fora contemplada no transcurso das xornadas que a Deputación lucense celebrou en 2005 sobre a "ruta de Abres" por Meira, mesmo derivando por Bocamaos, Ponte de Ombreiro e San Paio de Narla, no entorno de núcleos xacobeos de relevancia como son Santiago de Meilán ou Santiago de Saamasas, os denominados na historiografía antiga como "coutos santiaguistas da esquerda do Miño.

Décimo noveno: REVULSIVO

A recuperación e potenciación do Camiño do Norte Interior, camiño real de Meira ou "ruta de Abres" na súa dimensión cultural, propicia así mesmo a investigación e posta en valor da camiñaría histórica unida secularmente a esta arteria esencial para a penetración no país galego desde o litoral cantábrico, servindo de acicate a novas empresas necesitadas de estímulos complementarios que as vertebran e contextualicen (un bon exemplo neste sentido é a ruta verde d'A Pontenova que recrea o antigo camiño do ferro desde os fornos mineiros de Vilaoudriz ao porto de Ribadeo).

Tal é o caso do rexurdir de Meira como encrucillada de camiños históricos de longo percorrido e a súa visibilización como núcleo fundamental de conexión da camiñaría antiga no norte do país galego, ben sexa en dirección a Compostela ou como entroncamento ao paso do Camiño Real de Castela (agora parcialmente reutilizado como "de San Rosendo") que desde o porto do Cereixal aproveitaba os vales de Neira de Rei e de Baleira para se internar na nosa comunidade en dirección a Mondoñedo, capital de provincia no Antigo Reino, seguindo a orientación propiciada polas chairas pastorais en dirección á mítica basílica monacal xermánica da diocese de Britonia e ao antigo concello de Vián, deica alcanzar a Calzada que leva á Ponte de Ruzos ou "do Pasatempo" cruzando as brañas do Campo do Oso, percorrido asentado non só pola tradición arrieira que abastecía as tabernas mindonienses e polos segadores desprazados ás searas castelás, senón persistentemente trillado polas greas de cabalos

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

ceibes que cada ano se dirixen ás feiras d'As San Lucas. (Neste proxecto de recuperación e posta en valor, tamén cobra unha nova dimensión a denominada "Ruta dos monxes celtas" que procurou a saída ao mar pola Pedra Chantada, no límite con Santalla e Vilaseca).

A este respecto, cómpre advertir que o treito do camiño real de Castela que desde Meira enlaza A Pastoriza e Mondoñedo, constitúe a próxima etapa de actuación do Camiño de San Rosendo, iniciativa que a bon seguro incrementará esa condición de Meira como encrucillada histórica, á vez que introducirá un elemento cultural e turístico de longo alcance no municipio pastoricense, tan necesitado de proxectos que compensen a agresión patrimonial padecida como consecuencia da creación de estruturas agrarias e gandeiras que debido á súa errada planificación e agresividade destruíron en gran parte a fisonomía paisaxística e o acervo cultural desta bisbarra, o que tamén permitirá traballar pola recuperación do seu patrimonio inmaterial e identitario.

Entre outras vías históricas de conexión transversal favorecidas pola potenciación deste eixo viario de gran alcance histórico figurarían as vellas comunicacións da Chaira para a Montaña e viceversa, como é o caso do antigo "Camiño dos Arrieiros" que procedente da zona oriental comunicaba coa Terra Chá cara Mondoñedo seguindo o curso do río Azúmara que corre ao rente da fortaleza do distrito de Castro de Rei (mediado o XIX, sobre vedrañas pontes en número de dúas en Luaces, unha en Mosteiro e dúas en Silva), así como a "calzada vétera" que para Madoz "facilita la comunicación con Tierrallana y Villalba" vindo do leste, cruzando o camiño cántabro de Abres e Meira á altura de Orizón, procedente da freguesía castroverdense de Barredo, para se dirixir "a la denominada tierra llana y a la feria de Castro", ou a vereas medieval coñecida como "carreyra antiga" que xa por volta de 1184 enlazaba Paraxes con Pousada para alcanzar Santa Locaia de Castro de Rei, por Triabá, Ribeiras de Lea e a ponte romana de Duarría.

11

Vixésimo: PROPOSTAS DE ACTUACIÓN INMEDIATA

En atención aos argumentos de carácter histórico, cultural, turístico e administrativo concorrentes no relatorio exposto nos anteriores apartados, e logo da posta en común recentemente realizada no Concello de Meira por distintos axentes culturais, políticos, académicos, eclesiásticos e administrativos con diversos graos de implicación nesta causa, xuntanza da que consta a acta correspondente, ACÓRDASE:

Someter á aprobación pública dos organismos competentes nesta materia as seguintes propostas de resolución e actuación para a súa urxente aplicación:

- 1) Recoñecemento oficial a todos os efectos da VÍA REXIA DO NORTE como ruta histórica de peregrinación a Compostela, dentro do Camiño de Santiago do Norte, proclamado como patrimonio mundial pola UNESCO.
- 2) De conformidade co anterior, posta en marcha das actuacións prioritarias para a correcta delimitación oficial da súa traza e territorio histórico, recuperación de pasos e sinalización, protección xurídica, promoción e instalación de albergues públicos.

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

3) Apoio á delimitación e promoción do proxecto *Camiño Natural Interior de San Rosendo* impulsado polo Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente, así como solicitude da súa converxencia itineraria coa traza histórica da ruta xacobeana arriba mencionada, a fin de que esta confluencia evite duplicidades contraditorias e contraproducentes, co obxectivo de poñer en valor a camiñaría antiga pola comarca e tirar maior rendemento das actuacións previstas, ao facer un aproveitamento racional dos recursos públicos procedentes das distintas administracións, sobre a base de priorizar a dimensión cultural desta iniciativa.

4) Secundar a posta en marcha da *Ruta do Císter Galego* apadriñada polo Consello de Europa e solicitude da súa coordinación coa ruta xacobeana propiciando na medida do posible a unificación cartográfica ao aproveitar a exitosa tradición peregrinaria por esta vía do Norte entre os mosteiros cistercenses de Meira e de Sobrado dos Monxes, lugar de enlace coa vía da Costa, opción escollida por numerosos peregrinos do Camiño Primitivo de Santiago ao paso por Lugo.

5) Irmandamento coa parroquia de Santa María de Moreira (Castro Verde) tomando como base a memoria do seu mosteiro cistertense filial de Meira, e fomento da investigación neste ámbito.

6) Igualmente, posta en valor dos centros monásticos situados en torno ao camiño real que conecta con Meira seguindo a cara de poñente da Serra da Ferradura e o Mirador do Monte Pradairo, nomeadamente o convento bieito e dominico de Monte Cubeiro (Castro Verde) e o cenobio franciscano de Vilabade.

7) Reforzo e potenciación do protagonismo de Meira como encrucillada de camiños históricos de longo percorrido e activación cultural do seu papel neste sentido.

8) Impulsar a investigación e a posta en valor das conexións transversais con este eixe de comunicación obxecto do presente documento, no que atinxe aos seguintes aspectos:

a.- Tradición xacobeana: enlace co Camiño Primitivo no hospital de San Martiño de Bolaño (Castro Verde), así como o entroncamento coa mesma vía e tratamento da súa problemática específica tanto ás portas da cidade lucense (construción de pasarela sobre a Rolda Leste) como á súa saída (por Santa Eulalia de Bóveda en dirección a Sobrado dos Monxes).

b.- Camiño real de Castela: incorporado como "interior de San Rosendo" no treito A Pastoriza-Mondoñedo, cómpre afondar na investigación e posta en valor da súa prolongación cara Castela desde Chavín, ao paso por Valonga e os vales de Baleira e Neira de Rei (Neira de Xusá-Baralla) deica as inmediacións do porto do Cereixal.

c.- Outras vías históricas de tránsito comercial, como é o caso do camiño arrieiro procedente do Leste polo municipio de Pol, o camiño real para a Terra

Moción de apoio á recuperación e posta en valor da VÍA REXIA DO NORTE, así como á súa converxencia co Camiño Natural de San Rosendo e a Ruta do Císter Galego, ao paso pola Ría do Eo, Terra de Miranda e Terra Chá de Lugo.

Chá procedente do extremo occidental de Castro Verde, o enlace coas calzadas romanas á saída de Lugo, etc.

9) Constitución con carácter xeral de un ente coordinador do conxunto das actuacións sobre esta ruta nas súas diversas expresións, tamén con presenza dos municipios de Castropol, A Veiga (Vegadeo) e Abres, así como da representación pertinente do Principado de Asturias e agrupamentos de asociacións xacobeas vencelladas a este itinerario histórico.

10) Demandar da Xunta de Galicia a necesaria coordinación co Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente para acompañar as actuacións previstas no treito Meira-Lugo da ruta xacobeá e do Camiño de San Rosendo, así como da Deputación de Lugo, nomeadamente no que atinxe á activación dun protocolo mancomunado intermunicipal para reaxir este vello proxecto principalmente nos concellos de entrada á nosa comunidade.

No Mosteiro Cistercense de Meira, a 29 de marzo de 2016.